

**PROXECTO DO DECRETO /2025, DO POLO QUE SE REGULA A
CREACIÓN DA REDE DE DINAMIZACIÓN DA CULTURA NO RURAL DE
GALICIA, REDE ADIVAL, E SE REGULA O SEU FUNCIONAMENTO.**

O Estatuto de autonomía de Galicia, no seu artigo 4.2º, dentro dos seus principios xerais e en concordancia co sinalado na Constitución española de 1978 no seu artigo 9.2º, establece que «corresponde aos poderes públicos de Galicia promover as condicións para que a liberdade e a igualdade do individuo e dos grupos en que se integran sexan reais e efectivas, remover os obstáculos que impidan ou dificulten a súa plenitude e facilitar a participación de todos os galegos na vida política, económica, cultural e social».

Así mesmo a Comunidade Autónoma de Galicia ten competencia exclusiva en materia de fomento da cultura e da investigación en Galicia, sen prexuízo do establecido no artigo 149.2 da Constitución.

Con base nestes principios e no título competencial da Comunidade Autónoma nesta materia promúlgase a Lei 3/2024, do 5 de decembro, de cultura inclusiva e accesible de Galicia, cuxo artigo 2 inclúe o territorio como un dos factores de risco de exclusión cultural cando supuxer unha limitación para as persoas afectadas poderen acceder a determinados servizos ou actividades no ámbito da cultura, polo que de conformidade co artigo 13 da dita norma a estrutura territorial debe terse en conta polas administracións públicas de Galicia á hora de planificaren as programacións culturais co fin de que estas cheguen a todo o territorio, con especial atención ás zonas rurais, en colaboración e diálogo coas entidades privadas e asociativas.

Con este obxectivo ponse en marcha a Rede de Dinamización da Cultura no Rural de Galicia, Rede Adival, de carácter voluntario, que pretende aumentar exponencialmente a oferta cultural de calidade no rural de Galicia. Concíbese como unha estrutura de recursos organizada e coordinada pola consellería competente en materia de cultura, da que poderán formar parte as entidades culturais privadas sen ánimo de lucro, para dinamizar a actividade cultural no territorio rural de Galicia.

Así a Rede Adival pretende darlle visibilidade ás entidades sen ánimo de lucro que están desenvolvendo a súa actividade no ámbito rural da nosa Comunidade Autónoma e potenciar a oferta e o acceso á cultura no dito ámbito territorial, partindo dunha estratexia de cooperación e colaboración dos poderes públicos galegos con estas entidades.

A figura dunha rede perfílase actualmente como a fórmula máis axeitada para acometer este fin, xa que, sen lle restar competencias e autonomía a ningunha das entidades que interveñen, garante extensiva e intensivamente a intervención e optimiza os recursos dispoñibles, ao tempo que asegura uns niveis de eficiencia axeitados.

A norma responde aos principios recollidos no artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e no artigo 37. a) da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico. O obxecto da regulación responde á satisfacción dun interese xeral, coa debida proporcionalidade, eficacia e eficiencia, necesidade, seguridade xurídica, transparencia, accesibilidade e simplicidade.

A tramitación deste decreto cumpriu coas exixencias de orde procedemental e realizouse de conformidade coa Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e coa Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia. Durante a súa tramitación posibilitouse a participación da cidadanía a través do proceso de consulta pública previa e posterior exposición pública, conforme ao principio de transparencia que debe presidir a dita tramitación. Así mesmo, foi sometido aos informes requiridos polo vixente marco xurídico.

O decreto estrutúrase en vinte e tres artigos, organizados nun título preliminar de disposicións xerais e outros dous títulos, o título I referido ao procedemento de adhesión á Rede e un título II de principios de actuación e organización e funcionamento da Rede Adival, por último conta cunha disposición derogatoria e dúas derradeiras.

Na súa virtude, por proposta do conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude, de acordo co Consello Consultivo, e logo de deliberación do Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día de de dous mil vinte e cinco,

DISPOÑO:

TITULO PRELIMINAR

Disposicións xerais

Artigo 1. Obxecto

1. Esta orde ten por obxecto a creación da Rede de Dinamización da Cultura no Rural de Galicia (en diante, Rede Adival), así como a regulación do seu funcionamento e procedemento de adhesión.
2. A Rede Adival funcionará baixo a xestión e coordinación da consellería con competencias en materia de cultura a través do órgano directivo responsable en materia de promoción da cultura.

Artigo 2. Ámbito de aplicación

1. A regulación contida neste decreto seralle de aplicación a todas as entidades que, cumprindo os requisitos establecidos, se adhiran á Rede Adival.
2. A inscrición na Rede Adival terá carácter voluntario e gratuíto.
3. Desde o punto de vista territorial, os obxectivos da Rede Adival executaranse no ámbito rural de Galicia entendo como tal, para os efectos desta regulación, o comprendido nos concellos de menos de 50.000 habitantes.

Artigo 3. Concepto de Rede Adival

A Rede Adival concíbese como a estrutura de recursos organizada e coordinada pola consellería competente en materia de cultura, da que poderán formar parte as entidades culturais privadas sen ánimo de lucro, que ten como obxectivo dinamizar a actividade cultural no territorio rural de Galicia.

Artigo 4. Dinamización cultural

Enténdese por dinamización cultural, para os efectos da regulación contida nesta orde, o proceso de promoción coordinada da oferta e da demanda de contidos culturais que se leva a cabo mediante o emprego integrado de

actividades, co obxectivo final de incrementar a presenza da cultura na vida das persoas do medio rural, ao tempo que se favorece a participación cidadá activa na cultura.

Artigo 5. Obxectivos da Rede Adival

Son obxectivos xerais da Rede Adival os seguintes:

- a) Ampliar a oferta cultural dispoñible no territorio rural galego.
- b) Favorecer a igualdade de dereitos e de oportunidades do conxunto da cidadanía e o acceso universal á cultura.
- c) Promover a demanda cultural, favorecendo a inclusión e estimulando a participación cidadá activa.
- d) Xerar unha dinámica de traballo coordinado, cooperativo e estruturado entre as entidades culturais de Galicia e o Goberno galego.
- e) Favorecer a diversidade cultural, así como o diálogo e o intercambio rural/urbano.
- f) Contribuír a fixar poboación no territorio rural galego.
- g) Propiciar un turismo cultural diverso e de calidade no territorio rural galego.

Artigo 6. Requisitos para a adhesión á Rede Adival

1. Poderán formar parte da Rede Adival as entidades culturais privadas legalmente constituídas que acrediten o cumprimento das seguintes condicións:

- a) Carecer de ánimo de lucro.
 - b) Dispoñer dun espazo para o desenvolvemento das súas actividades nun concello con menos de 50.000 habitantes.
 - c) Contar cunha programación regular de actividades.
2. Excepcionalmente, por razóns de interese xeral debidamente motivadas, poderá admitirse a adhesión de entidades culturais que non cumpran o criterio recollido na letra b), cando estas acrediten a posibilidade de desenvolver actividades culturais en concellos de menos de 50.000 habitantes.

TÍTULO I

Procedemento de adhesión Rede Adival

Artigo 7. Solicitude de adhesión á Rede Adival

1. A adhesión á Rede Adival será voluntaria, logo da presentación da correspondente solicitude diante da consellería competente en materia de cultura.
 2. As solicitudes presentaranse obrigatoriamente por medios electrónicos a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>, segundo o modelo que se incorpora como anexo I.
 3. De conformidade co artigo 68.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, se algunha das persoas interesadas presenta a súa solicitude presencialmente, requiriráselle para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación da solicitude aquela na que fose realizada a emenda.
- Para a presentación electrónica poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).

Artigo 8. *Documentación complementaria*

1. Xunto coa solicitude, a entidade solicitante remitirá a seguinte documentación:
 - a) O acordo de adhesión á Rede Adival aprobado polo correspondente órgano da entidade cultural.
 - b) Documento xurídico que acredite que a entidade dispón dun espazo para o desenvolvemento das súas actividades nun concello de menos de 50.000 habitantes.
 - c) Documento de designación dunha persoa responsable, de carácter técnico, como interlocutor da entidade diante do órgano de xestión e coordinación.
 - d) Unha memoria das actividades despregadas nos últimos 3 anos que acredite a disposición dunha programación regular de actividades culturais no territorio rural de Galicia.
 - e) Estatutos rexistrados e escritura de constitución inscritos no rexistro que corresponda.
 - f) Acreditación da representación da persoa que asina a solicitude en nome da entidade.

2. A documentación complementaria deberá presentarse electronicamente.

Se algunha das entidades interesadas presenta a documentación complementaria presencialmente, requiriráselle para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación aquela na que fose realizada a emenda.

As entidades interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, cando a relevancia do documento no procedemento o esixa ou existan dúbidas derivadas da calidade da copia, a Administración poderá solicitar de maneira motivada o cotexo das copias achegadas pola entidade interesada, para o que poderá requirir a exhibición do documento ou da información orixinal.

3. Sempre que se realice a presentación de documentos separadamente da solicitude deberase indicar o código e o órgano responsable do procedemento, o número de rexistro de entrada da solicitude e o número de expediente, se se dispón del.

4. No caso de que algún dos documentos a presentar de forma electrónica superase os tamaños máximos establecidos ou tivera un formato non admitido pola sede electrónica da Xunta de Galicia, permitirase a presentación deste de forma presencial dentro dos prazos previstos e na forma indicada no parágrafo anterior. A información actualizada sobre o tamaño máximo e os formatos admitidos pode consultarse na sede electrónica da Xunta de Galicia.

5. De conformidade co artigo 28.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común, non será necesario achegar os documentos que xa foran presentados anteriormente pola persoa interesada ante calquera Administración. Neste caso, a persoa interesada deberá indicar en que momento e ante que órgano administrativo presentou os ditos documentos, que serán recabados electronicamente a través das redes corporativas ou mediante consulta ás plataformas de intermediación de datos ou outros sistemas electrónicos habilitados ao efecto, agás que conste no procedemento a oposición expresa da persoa interesada.

De forma excepcional, se non se puideran obter os citados documentos, poderá solicitarse novamente á persoa interesada a súa achega.

Artigo 9. Prazo de presentación de solicitudes de adhesión

1. O prazo de presentación de solicitudes de adhesión á rede Adival iniciárase coa entrada en vigor desta Orde.
2. Este prazo estará aberto todo o ano.

Artigo 10. Trámites administrativos posteriores á presentación da solicitude

Todos os trámites administrativos que as persoas interesadas deban realizar tras a presentación da solicitude deberán ser efectuados electronicamente accedendo á Carpeta cidadá da persoa interesada, dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia.

Artigo 11. Comprobación de datos

1. Para a tramitación deste procedemento consultarase automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos en poder da administración actuante ou elaborados polas administracións públicas agás que a entidade interesada se opoña á súa consulta::

- a) DNI/NIE da persoa representante
- b) NIF da entidade solicitante
- c) NIF da entidade representante

2. No caso de que as entidades interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no recadro correspondente habilitado no formulario correspondente e achegar os documentos.

Cando así o esixa a normativa aplicable, solicitarase o consentimento expreso da entidade interesada para realizar a consulta.

3. Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilitase a obtención dos citados datos, poderase solicitar ás entidades interesadas a presentación dos documentos correspondentes.

Artigo 12. Instrución do procedemento

1. A instrución do procedemento de adhesión corresponderalle á unidade administrativa con competencia en materia de promoción da cultura.

2. Recibida a solicitude de adhesión, procederase á comprobación da documentación.

Se a documentación presenta omisións ou deficiencias, requirirase a entidade ou persoa interesada para que a emende no prazo de dez días hábiles, coa indicación de que, se así non o fixer, se considerará desistida da solicitude.

No caso de que non sexa emendada correctamente e en prazo a solicitude, a Administración ditará a correspondente resolución en que declare a desistencia da solicitude por parte da entidade ou persoa interesada.

Artigo 13. Notificacións

1. A notificación das resolucións e actos administrativos efectuarase só por medios electrónicos, nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.
2. De conformidade co artigo 45.2 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, as notificacións electrónicas efectuaranse mediante a comparecencia na sede electrónica da Xunta de Galicia e a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal. Este sistema remitiralles ás persoas interesadas avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación efectuada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.
3. De conformidade co artigo 47 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, as persoas interesadas deberán crear e manter o seu enderezo electrónico habilitado único a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal, para todos os procedementos administrativos tramitados pola Administración xeral e as entidades instrumentais do sector público autonómico. En todo caso, a Administración xeral e as entidades do sector público autonómico de Galicia poderán, de oficio, crear o indicado enderezo, para os efectos de asegurar que as persoas interesadas cumpran a súa obriga de relacionarse por medios electrónicos.
4. As notificacións entenderanse practicadas no momento no que se produza o acceso ao seu contido, entendéndose rexeitada cando transcorresen dez días naturais desde a posta a disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.
5. Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos practicarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Artigo 14. Resolución do procedemento

1. A adhesión á rede Adival realizarase mediante resolución do titular do órgano directivo competente en materia de promoción da cultura, logo de proposta da unidade administrativa competente en materia de promoción da cultura.
2. O prazo máximo para ditar e notificar a resolución será de tres meses, contados desde o día seguinte ao da presentación da solicitude no Rexistro Electrónico da Xunta de Galicia. Para os efectos do artigo 24 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, o transcurso do prazo máximo para resolver sen que se adoptase e notificase a resolución terá efectos desestimatorios.
3. Desestimárase a solicitude de adhesión se o solicitante non acredita o cumprimento dos requisitos establecidos no artigo 6 deste Decreto.

Artigo 15. Recursos

Contra a resolución administrativa de adhesión, que non pon fin á vía administrativa, as persoas interesadas poderán interpoñer recurso de alzada diante do conselleiro competente en materia de cultura, de conformidade co previsto nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

TITULO II

Principios de actuación , organización e funcionamento da Rede Adival

Artigo 16. Dereitos das entidades adheridas á Rede Adival

As entidades adheridas á Rede Adival terán os seguintes dereitos:

- a) Ofertar actividades culturais diante do órgano de xestión e coordinación para formar parte do catálogo de actividades á disposición da Rede Adival.
- b) Desenvolver as actividades que lle propoña a Comisión executiva.
- c) Recibir información da programación anual de actividades culturais aprobadas pola Comisión executiva.
- d) Participar na formación específica que se programe cada ano.
- e) Recibir asesoramento.

Artigo 17 Liñas de acción da Rede Adival

Constitúen liñas xerais de acción da Rede Adival as seguintes:

- a) Deseño dunha programación cultural propia.

- b) Creación dun circuíto galego de cultura popular.
- c) Deseño dunha programación de carácter expositivo de carácter itinerante.
- d) Creación dun plan de formación e asesoramento en materia cultural para as entidades adheridas.

Artigo 18. Catálogo de actividades

1. Para o cumprimento dos obxectivos que lle son propios, a Rede Adival contará cun catálogo de actividades culturais susceptibles de ser desenvolvidas polas entidades adheridas dentro do ámbito territorial regulado nesta orde.
2. O catálogo será elaborado e actualizado pola consellería competente en materia de cultura a partir da oferta de actividades que realicen as entidades adheridas á rede.
3. As actividades propostas serán coherentes cos obxectivos e coas liñas de acción reguladas nesta orde.

Artigo 19 Órgano de xestión e coordinación.

1. A consellería competente en materia de cultura, a través do centro directivo competente en materia de cultura, actuará como órgano de xestión e coordinación da Rede Adival.
2. Correspóndelle a este órgano:
 - a) Favorecer a acción continuada e coordinada da Rede Adival.
 - b) Garantir a comunicación con todas e entre todas as entidades culturais que integran a rede.
 - c) Elaborar anualmente o catálogo de actividades culturais que desenvolverá a rede.
 - d) Elevar á comisión executiva a proposta de programación anual para a súa aprobación.

Artigo 20 Comisión executiva da Rede Adival e funcións.

1. A Comisión executiva da Rede Adival é o órgano de carácter colexiado, adscrito á consellería competente en materia de cultura, no que estarán representadas, tanto a administración autonómica de Galicia, como as entidades adheridas.
2. Son funcións da Comisión executiva as seguintes:

- a) Aprobar os plans de actuación e os programas anuais de actividades.
- b) Realizar un informe de avaliación do resultado da execución desenvolvida anualmente pola rede.
- c) Propoñerlle ao órgano de xestión e coordinación as medidas que estime pertinentes para a mellora do funcionamento da rede que impliquen cambios na súa regulación.
- d) Velar polo cumprimento dos obxectivos regulados no artigo 5.

Artigo 21 Composición da Comisión executiva

1. A Comisión executiva estará constituída polos seguintes membros:

- a) A presidencia, que lle corresponderá á persoa titular da consellería con competencias en materia de cultura.
- b) A vicepresidencia, que lle corresponderá á persoa titular do centro directivo con competencia en materia de cultura.
- c) A secretaría, que lle corresponderá á persoa que ocupe a Xefatura de Servizo competente en materia de promoción da cultura.
- d) Unha vogalía, proposta pola persoa titular da consellería competente en materia de cultura entre persoas que desenvolvan a súa actividade no citado departamento.
- e) Catro vogalías a proposta da persoa titular da consellería competente en materia de cultura entre persoas que desenvolvan a súa actividade no sector cultural do medio rural.

2. Todos os membros do Comisión executiva actuarán con voz e con voto nas reunións deste órgano.

3. Na composición da Comisión executiva procurarase unha presenza equilibrada entre homes e mulleres, así como dos distintos sectores culturais.

4. As persoas que ostenten a condición de membro deste órgano por razón do seu cargo, perderán a dita condición cando cesen no cargo.

O resto das persoas membros estarán no mandato por un período de duración de catro anos, que poderá ser renovado por idénticos períodos de tempo, agás que con antelación á finalización do período se nomee unha persoa distinta.

Artigo 22. Funcionamento da Comisión executiva

1. A Comisión executiva reunirase en sesión ordinaria unha vez ao ano, ou en sesión extraordinaria por acordo da persoa titular da presidencia, sexa por iniciativa propia ou sexa por solicitude dun terzo das persoas membros.
3. Para a válida constitución do órgano, para os efectos da celebración de sesións, deliberacións e toma de acordos, requirirase a asistencia das persoas que exerzan a presidencia e a secretaría, ou daquelas que as substitúan, e da metade, polo menos, das persoas membros en primeira convocatoria e dun terzo das persoas membros en segunda convocatoria.
4. Non poderá ser obxecto de deliberación ou acordo ningún asunto que non figure incluído na orde do día, agás que asistan todas as persoas membros do órgano colexiado e sexa declarada a urxencia do asunto polo voto favorable da maioría.
5. Os acordos serán adoptados por maioría simple de votos das persoas membros asistentes en cada sesión, e decidirá, en caso de empate, o voto de calidade da persoa titular ou suplente da presidencia.
6. A presidenta ou presidente poderá invitar a participar nas reunións do pleno, con voz pero sen voto, persoas expertas en temas concretos incluídos na orde do día.
7. En canto á súa convocatoria, deliberacións, adopción de acordos e en todo o relativo ao seu funcionamento que non estea expresamente regulado nesta orde, estarase ao disposto na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, e na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Artigo 23. Financiamento da Rede Adival

A consellería con competencia en materia de cultura, a través do órgano directivo con competencias en materia de promoción da cultura, poderá financiar, con cargo ao seu orzamento, dentro das dispoñibilidades de cada ano, actividades propias da Rede Adival.

Disposición derogatoria única. Derogación normativa

Quedan derogadas cantas normas de igual ou inferior rango sexan contrarias ao contido deste decreto.

Disposición derradeira primeira. Habilitación normativa

1. Facúltase á persoa titular da consellería competente en materia de Cultura para ditar cantas disposicións sexan necesarias para o desenvolvemento deste decreto.
2. Habilítase á persoa titular da consellería competente en materia de Cultura para a modificación do anexo I.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor*

Este decreto entrará en vigor aos vinte días da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Santiago de Compostela, de de dous mil vinte e cinco

Alfonso Rueda Valenzuela
Presidente

José López Campos
Conselleiro de Cultura Lingua e Xuventude

ANEXO I

PROCEDEMENTO	CÓDIGO DE PROCEDEMENTO	DOCUMENTO
INSCRICIÓN NA REDE DE DINAMIZACIÓN DA CULTURA NO RURAL DE GALICIA REDE ADIVAL	CT211C	SOLICITUDE

DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE
IDENTIFICACIÓN

TIPO	NÚM.	PAIS EMISOR
<i>Seleccione</i>		<i>Seleccione</i>
RAZÓN SOCIAL		

ENDEREZO

PAIS						
Seleccione						
TIPO	NOME DA VÍA		NÚM.	BLOQ.	ANDAR	PORTA
Seleccione						
CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA	CONCELLO		LOCALIDADE		
	Seleccione	Seleccione				
PARROQUIA			LUGAR			

CONTACTO

PREFIXO	TELÉFONO 1	PREFIXO	TELÉFONO 2
<i>Seleccione</i>		<i>Seleccione</i>	
CORREO ELECTRÓNICO			

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)

IDENTIFICACIÓN

TIPO	NÚM.	PAIS EMISOR
<i>Seleccione</i>		<i>Seleccione</i>
NOME/RAZÓN SOCIAL	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO

DATOS PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN

Todas as notificacións ás persoas interesadas realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal <https://notifica.xunta.gal>

Só se poderá acceder á notificación co certificado electrónico ou Chave365.

Enviaranse avisos da posta á disposición da notificación no correo electrónico e/ou teléfono móbil facilitados a seguir e que poderán cambiar en calquera momento a través de Notifica.gal:

PREFIXO	TELÉFONO MÓBIL	CORREO ELECTRÓNICO
<i>Seleccione</i>		

A PERSOA REPRESENTANTE DECLARA:

1. Que todos os datos contidos nesta solicitude e nos documentos que se achegan son certos.
2. Que dispón dun espazo para o desenvolvemento das súas actividades nun concello con menos de 50.000 habitantes ou ten a posibilidade de desenvolver actividades culturais en concellos de menos de 50.000 habitantes
3. Que conta cunha programación regular de actividades.

DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA [OU XA PRESENTADA CON ANTERIORIDADE]

- ☐ Acordo de adhesión á Rede Adival aprobado polo correspondente órgano da entidade cultural
- ☐ Documento xurídico que acredite que a entidade dispón dun espazo para o desenvolvemento das súas actividades nun concello de menos de 50.000 habitantes.
- ☐ Documento de designación dunha persoa responsable, de carácter técnico, como interlocutor da entidade diante do órgano de xestión e coordinación.
- ☐ Memoria das actividades despregadas nos últimos 3 anos que acredite a disposición dunha programación regular de actividades culturais



	ÓRGANO	CÓD. PROC.	ANO
☐ Estatutos rexistrados da institución e escrituras de constitución inscritos no rexistro que corresponda.			
☐ Documentación acreditativa da representación da persoa que a asine a solicitude en nome da entidade.			

COMPROBACIÓN DE DATOS Os documentos relacionados serán obxecto de consulta ás administracións públicas. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no recadro correspondente e achegar unha copia dos documentos.	OPÓÑOME Á CONSULTA
DNI/NIE da persoa solicitante	☐
DNI/NIE da persoa representante	☐
CONSENTIMENTO PARA A COMPROBACIÓN DE DATOS A persoa interesada autoriza a consulta a outras administracións públicas dos seguintes datos. De non autorizar a consulta, deberá achegar o documento correspondente.	AUTORIZO A CONSULTA
NIF da entidade solicitante	☐ Si ☐ Non
NIF da entidade representante	☐ Si ☐ Non

INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE A PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS	
Responsable do tratamento	Xunta de Galicia. Consellería de Cultura Lingua e Xuventude
Finalidades do tratamento	Tramitar este procedemento, verificar os datos e documentos que a persoa interesada achegue na súa solicitude para comprobar a exactitude destes, levar a cabo as actuacións administrativas que se deriven e informar sobre o estado de tramitación. Así mesmo, os datos persoais incluíranse na Carpeta cidadá de cada persoa interesada para facilitar o acceso á información, tanto persoal como de carácter administrativo.
Lexitimación para o tratamento	O cumprimento dunha tarefa en interese público ou o exercicio de poderes públicos segundo a normativa recollida no formulario, na páxina https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos e na ficha do procedemento na Guía de procedementos e servizos. Consentimento das persoas interesadas, cando corresponda.
Destinatarios dos datos	As Administracións públicas no exercicio das súas competencias.
Exercicio de dereitos	As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación, oposición, limitación, portabilidade e supresión dos seus datos ou retirar, no seu caso, o consentimento outorgado a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos
Contacto coa persoa delegada de protección de datos e máis información	https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos

LEXISLACIÓN APLICABLE
Decreto dode.....de 2025, pola que se crea a Rede de Dinamización da Cultura no Rural de Galicia, REDE ADIVAL, e se regula o seu funcionamento (código de proxecto CT211C).(<i>Diario Oficial de Galicia</i>)

(Cadro de sinatura. Elixiremos o título en función do perfil da persoa solicitante)

SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE

Lugar e data

,

de

de

Dirección Xeral de Cultura